SECUNDINO GARCÍA CASAL (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: c77a4324edee0c28f52ec1502d228824e

MONICA CIBREIRO CANEIRO (2 para 2)
SECRETARIA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: 36995d810cf5de350ab1e4c96aaa76d8

Expediente núm.: 530/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Data de iniciación: 25/08/2026

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aceptación da renuncia xustificada da persoa seleccionada no proceso do POS+ Adicional 01 (Expte. 530/2026), novo chamamento e actualización da Bolsa de Emprego.

ANTECEDENTES

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	**Data/Núm.**
Aprobación da convocatoria e bases	01/09/2026 / Decreto 2026-0393
Anuncio no BOP	08/09/2026 / BOP Núm. 171
Estimación de recurso potestativo da base novena das bases	15/09/2026 / Decreto 2026-0404
Anuncio no BOP corrección da base novena das bases e apertura novo prazo de instancias	16/09/2026 / BOP Núm. 177
Aprobación da lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas	30/09/2026 / Decreto 2026-0428
Publicación do Decreto 2026-0428 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	30/09/2026
Aprobación da lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas	08/10/2026 / Decreto 2026-0436
Publicación do Decreto 2026-0436 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	08/10/2026
Ampliación extraordinaria do prazo enmenda e baremación do Tribunal Cualificador	09/10/2026 / Decreto 2026-0439
Publicación do Decreto 2026-0439 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	09/10/2026

DECRETO
Número: 2026-0477 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 6N4CTJAK5LNEPSK2ZNEH6CERJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

Aprobación nova lista provisional persoas admitidas e excluídas, aclaracións e apertura novo prazo	09/10/2026 / Decreto 2026-0442
Publicación do Decreto 2026-0442 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	09/10/2026
Aprobación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo	15/10/2026 / Decreto 2026-0447
Publicación do Decreto 2026-0447 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	15/10/2026
Publicación da Acta de Non Presentación de Alegacións e Convocatoria de Entrevistas no taboleiro de anuncios da sede electrónica	26/10/2026
Aprobación da contratación temporal e creación dunha bolsa de emprego	28/10/2026 / Decreto 2026-0473
Publicación do Decreto 2026-0473 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	28/10/2026
Escrito de renuncia da primeira persoa aspirante proposta para o posto	02/11/2026 / 2026-E-RE-1218

PRIMEIRO. Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2026-0473, do 28 de outubro de 2026, aprobouse a contratación laboral temporal a favor de Dna. Pilar Couce Freire e a constitución da Bolsa de Emprego Temporal derivada do proceso selectivo. A dita Resolución foi publicada no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de San Sadurniño o mesmo día 28 de outubro de 2026.

SEGUNDO. Con data de entrada do 2 de novembro de 2026 (Rexistro núm. 2026-E-RE-1218), Dna. Pilar Couce Freire (DNI ***3818**) presentou escrito no Rexistro Xeral municipal no que renuncia á contratación proposta por atoparse prestando servizos nunha Administración pública, solicitando explicitamente a súa continuidade na Bolsa de Emprego temporal derivada do expediente.

TERCEIRO. A dita circunstancia atópase debidamente xustificada e acreditada no expediente co informe de vida laboral e o contrato de traballo, resultando de aplicación a causa xustificada de renuncia prevista na Base Duodécima das reguladoras da convocatoria.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Competencia: Corresponde á Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal e a competencia para o nomeamento e contratación do persoal laboral do Concello, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985,

DECRETO Número: 2026-0477 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 6N4CTJAK5LNEPSK2ZNEH6CERJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

SEGUNDO. Normativa aplicable:

- Artigos 55 e seguintes do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Artigos 50 e 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Bases reguladoras do proceso selectivo aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm. 2026-0393 e modificadas polo Decreto núm. 2026-0404 (BOP núm. 177, do 16 de setembro de 2026).
- Base Undécima e Base Duodécima das reguladoras do proceso, sobre o procedemento de incorporación, causas xustificadas de renuncia e réxime de funcionamento da Bolsa de Traballo.

TERCEIRO. Aplicación da Base Duodécima: A Base Duodécima recoñece expresamente que o feito de estar en situación de ocupado prestando servizos nunha Administración Pública constitúe causa xustificada de renuncia que permite á persoa interesada manterse na súa orde correspondente da Bolsa de Traballo, en situación de suspensión temporal de chamamentos.

III. RESOLUCIÓN

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, e no uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, esta Alcaldía-Presidencia,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aceptar a renuncia xustificada presentada por Dna. Pilar Couce Freire (DNI ***3818**), deixando sen efecto a proposta de contratación laboral temporal aprobada ao seu favor mediante o Decreto núm. 2026-0473.

SEGUNDO. Aprobar a contratación laboral temporal para a cobertura do posto de Traballador/a Social, ao abeiro do programa POS+ Adicional 01 de Gastos Sociais da Deputación Provincial da Coruña (Expte. 530/2026), a favor da seguinte persoa integrada na Bolsa de Emprego temporal por estrita orde de prelación:

- **Persoa seleccionada: FERNÁNDEZ OTERO, LETICIA**
- **DNI:** ***8224**
- **Puntuación final acadada: 50,49 Puntos**

TERCEIRO. Requirir á persoa seleccionada para que, de conformidade coa Base Undécima das reguladoras do proceso, no prazo de **tres (3) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de San Sadurniño, presente no Rexistro Xeral municipal a seguinte documentación:

- Informe médico oficial actualizado – polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía

DECRETO
Número: 2026-0477 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 6N4CTJAK5LNEPSK2ZNEH6CERJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

na que se aproba a persoa aspirante seleccionada – no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

- Documento orixinal do DNI, permiso de conducir (no seu caso) e titulación requisito de acceso no suposto de non terse aportado inicialmente.

- Documento acreditativo do número da Seguridade Social e do número de conta bancaria.

Se non presenta a documentación requirida no prazo sinalado, a contratación quedará sen efecto mediante Resolución da Alcaldía, procedéndose ao chamamento da seguinte persoa integrada na Bolsa de Emprego por orde de prelación definitiva.

CUARTO. Manter a Dna. Pilar Couce Freire na Bolsa de Emprego temporal no número 1 da orde de prelación da dita bolsa, declarando a súa situación de suspenso/non dispoñibilidade temporal por causa xustificada (situación de ocupada), debendo comunicar ao Concello de San Sadurniño a finalización da dita relación laboral para efectos da súa reactivación nos chamamentos ordinarios da bolsa.

QUINTO. Actualizar a táboa da **Bolsa de Emprego** temporal derivada do presente proceso selectivo, quedando ordenada da seguinte maneira:

ORDE	**APELIDOS E NOME**	**DNI**	**PUNTUACIÓN**	**ESTADO/ SITUACIÓN**
1	COUCE FREIRE, PILAR	***3818**	50,50	**Suspenso / Non dispoñible** (Situación de ocupada)
2	BECEIRO LOURIDO, CARLA	***1190**	50,48	Dispoñible
3	VÁZQUEZ CRUZ, ESTEFANÍA	***0144**	50,00	Dispoñible
4	GÓMEZ LAMAS, CARMEN PATRICIA	***9336**	50,00	Dispoñible
5	MESÍA FRAGA, SOFÍA	***7936**	50,00	Dispoñible
6	MOLEDO PEREIRO, MARÍA ÁNGELES	***7018**	50,00	Dispoñible
7	REY HERMIDA, BIBIANA	***1228**	49,00	Dispoñible
8	HERNANDO MARTÍNEZ, PAULA	***8963**	39,20	Dispoñible
9	TAJES SUÁREZ, MARÍA BELÉN	***1158**	35,80	Dispoñible
10	RODRÍGUEZ	***1064**	35,10	Dispoñible

DECRETO
Número: 2026-0477 Data: 03/11/2026
Cod. Validación: 6N4CTJAK5LNEPSK2ZNEH6CERJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

	RODRÍGUEZ, LUCÍA			
11	VÁZQUEZ SUÁREZ, UXÍA	***0098**	27,20	Dispoñible
12	MATILLA VÁZQUEZ, ELENA CAROLINA	***6200**	27,00	Dispoñible
13	SANESTEBAN DOPICO, ESTELA	***2995**	19,85	Dispoñible
14	LÓPEZ COUCEIRO, ALICIA	***3832**	13,00	Dispoñible
15	NAVARRO SAAVEDRA, LAURA	***3245**	7,50	Dispoñible

SEXTO. Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica (https://sansadurnino.sedelectronica.gal) e na páxina web do Concello de San Sadurniño para o xeral coñecemento das persoas interesadas.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Alcalde do Concello de San Sadurniño no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente **recurso** contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol no prazo de dous (2) meses contados dende a mesma data, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO Número: 2026-0477 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 6N4CTJAK5LNEPSK2ZNEH6CERJ
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5